

# A TAXI DRIVER. OS HEROES DE GWANGJU 417

[Jang Hoon, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 27.07.2018 | V.O.S.E. | +16

*Taeksi Woonjunsu* (2017, 137')

**Dirección:** Jang Hoon

**Guión:** Eom Yu-na

**Elenco:** Song Kang-ho, Thomas Kretschmann, Yoo Hae-jin, Ryu Jun-yeol, Park Hyuk-kwon, Choi Gwi-hwa

**Efectos especiais:** Ka Ryoan Kim

**Música:** Jo Yeong-wook

**Produtoras:** Showbox/Mediaplex (Corea do Sur)

**Distribuidora:** Cinemaran

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Coreano, alemán, inglés, xaponés

## FILMOGRAFÍA

*The Front Line*, 2011

*Secret Reunion*, 2010

*Rough Cut*, 2008

## PREMIOS E FESTIVAIS

Blue Dragon Awards (Mellor filme, director e actor —Kang-ho Song—)

## SINOPSE

Baseado en feitos reais. Un taxista de Seúl axuda a un reporteiro alemán a cubrir o Levantamento de Gwangju, en 1980 en Corea del Sur.

«Loce a acción, especialidade do director, en escenas de revolta dignas do mellor cinema bélico»

Carlos Marañón, CINEMANÍA



# A TAXI DRIVER. OS HEROES DE GWANGJU

[Jang Hoon, 2017]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “O filme que realmente me influenciou foi *La batalla de Argelia*”

**Encontro con Jang Hoon  
No Festival de Cinema Coreano  
de París 2017**

**Que o motivou a realizar un filme sobre este tema. Os acontecementos que narra o filme eran importantes para vostede no plano persoal?** En 2003, Corea do Sur deulle un premio a un xornalista alemán o que causou certa sensación e saíron publicados moitos artigos. No seu discurso dixo que agradecía a súa axuda a este amigo, o condutor de taxis. O meu produtor seguiu de preto o tema e desde ese momento quixo facer un filme.

**O seu filme está cheo de estilos diferentes de realización. Cales foron as súas referencias na posta en escena?** O filme que realmente me influenciou foi *La batalla de Argelia* (Gillo Pontecorvo, 1966). Ademais inspireime en libros e filmes realizados sobre este tema.

**Estes acontecementos dividiron o país no seu momento. Que fontes empregou para se documentar; apoiouse tan só no testemuño do xornalista alemán?** Hai diversos documentos que me axudaron moito. A primeira parte do filme tenta reconstruír o ambiente da cidade. Baseeime no testemuño dos habitantes, e nas fotos

e vídeos que puideron conseguir. Amais do xornalista alemán había outros estranxeiros en Gwangju na época, aparte dos medios coreanos que eran censurados e gardaban as súas imaxes a cal e canto. A segunda parte do filme cos fusís, non é só puramente cinematográfica senón que tamén se apoia en testemuñas que reconstruíron en imaxes.

**Como foi traballar cun gran actor como Song Kang Ho?** En realidade era a segunda vez que filmaba con el co que foi máis doado. Para transmitir a mensaxe do filme era importante que interiorizase o máis posíbel o personaxe e como xa tiñamos traballado xuntos houbo unha mellor compenetración entre nós.

**En canto á escena da fuga de Gwangju, que é o que realmente sucedeu alí?** A última persecución é tamén unha reconstrución. Quería mostrar o risco e o sacrificio asumidos polos taxistas de Gwangju. Na cidade hai unha grande avenida que se pode ver no filme, con máis de 200 taxis, todos eles mobilizados nos acontecementos. Houbo moitos feridos. O xornalista díxome, a xeito de anécdota, que no aeroporto os axentes terían requisado as súas imaxes se quixesen, mais realmente, sen dicilo, había unha vontade de que as imaxes saísen do país e fosen coñecidas no mundo enteiro.

**O filme foi un grande éxito en Corea. Estes feitos eran coñecidos polas xeracións novas? Estúdanse nos libros de texto?** Cando se estreou o meu filme houbo dúas clases de reacción. A

de aqueles que viviron realmente esta historia e a outra xeración, da que eu formo parte, pois tiña só seis anos naquel momento. Persoalmente non souben destes acontecementos até a universidade. En Corea hai unha boa parte da realidade que fica agochada, se ben este ano puideramos gozar dunha grande exposición de fotos sobre estes sucesos. Algúns membros da vella xeración, porén, viñéronme preguntar por que tiña que abranda a realidade. En todo caso a educación xoga un papel moi importante e penso que cómpre explicar estas cousas aos máis pequenos.

Dáme moita mágoa a educación actual. Por exemplo, poucos nenos saben que en Corea do Sur, en 1989, non se podía saír do país sen antes obter unha autorización. Todo o que se emitía nos medios estaba sometido á censura e verificacións gobernamentais, mesmo as canles estranxeiras. Estes vídeos, que foron agochados á cidadanía, non os tiña visto ninguén até o de agora. Todo o país vivía como a vila que vemos no filme. Cómpre sinalar que en Alemaña houbo un sacerdote coreano que puido facer un filme sobre o tema e esa fita foi fundamental para que eu me interesase polo tema. Teño esperanza no futuro, o novo goberno semella máis aberto a tratar estes temas. Agardo que o filme sexa útil para o futuro do meu país.

Publicado en <http://www.onirik.net>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónate  
agora e ven  
sempre por**

**4€**

**Novas tarifas  
válidas a partir  
do 6 de xullo**

**Faite  
NUMAX!**